

PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE NA XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS PARA A ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA

1. OBXECTIVO DO PLAN.

O obxectivo básico deste Plan de Medidas Antifraude na Xestión de Fondos Europeos é garantir que os fondos recibidos da Unión Europea pola Asociación Terras de Compostela (en diante, Asociación) se empregan cumprindo a normativa de prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese, contida no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e adoptando as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión Europea, establecendo un sistema de control interno eficaz e eficiente. Regulamento que motivou a publicación, o pasado día 29 de setembro de 2021, da Orde HFP/1030/2021, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que esixe ás entidades do sector público, así como outros axentes implicados como perceptores de fondos, que dispoñan dun Plan antifraude, e a implantación dos correspondentes servizos de xestión de incidencias e revisión periódica das medidas.

Polo anterior, e ante a actual falta do mencionado Plan pola Asociación e os resultados obtidos tras a realización do Test de conflito de interese, prevención da fraude e a corrupción (**ANEXO I**), procedeuse á aprobación inicial do Plan antifraude da Asociación e, por medio do presente, execútase a súa actualización.

Para a súa elaboración, e tras a avaliación da situación da Asociación en materia antifraude, desenvolvéronse unha serie de medidas para previr, detectar, corrixir e perseguir aquelas actividades fraudulentas que se explican a continuación, deseñando os procedementos que deben seguir tanto os responsables da xestión de fondos europeos, como terceiros que teñan coñecemento dos feitos. Así mesmo, destácase a

importancia dun continuo seguimento das medidas e controis, así como a corrección das mesmas cando sexa necesario.

A Asociación, como beneficiario e potencial beneficiario de diferentes axudas a cargo dos fondos europeos vinculados ao PRTR ten a obriga de aprobar un plan de medidas antifraude, así como de mantelo actualizado, vixente e implantado.

O novo plan concíbese como un instrumento estratéxico para mellorar os procesos de xestión de fondos e axudas, co obxectivo de reducir á mínima expresión a fraude, conflito de intereses e a corrupción na administración de fondos públicos para proxectos executados segundo as competencias da Asociación.

2. MARCO NORMATIVO.

Tanto o Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, como a Orde HPF/1030/2021, do 29 de setembro, impoñen a España a obriga de que toda entidade que participe na execución de medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dispoña dun Plan de Medidas Antifraude.

Entre a normativa europea aplicable a este Plan Antifraude destaca:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto de normativa que o desenvolva (en diante Regulamento MRR).
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro da UE). DOUE do 30 de xullo de 2018, núm. 193.
- Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento europeo e do Consello do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do Dereito penal (Directiva PIF). DOUE do 28 de xullo de 2017, núm. 198.

E, na normativa nacional:

- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública para a execución do citado Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Instrución do 23 de decembro de 2021 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre aspectos a incorporar nos expedientes e nos pregos reitores dos contratos que se vaian a financiar con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Do mesmo xeito, tivéronse en conta os seguintes documentos para a elaboración deste plan:

- Orientacións para o Reforzo dos mecanismos para a prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese, referidos no artigo 6 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (24 de xaneiro de 2022), elaborado pola Dirección Xeral do Plan e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Ministerio de Facenda e Función Pública.

- Guía para a aplicación de medidas antifraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (24 de febreiro de 2022), elaborado polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude.
- E Orientacións en relación coa prevención do dobre financiamento no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos (6 de marzo de 2023).

3. DEFINICIÓNS.

- Intereses financeiros da UE:

Atendendo á definición do art. 2 da Directiva (UE) 2017/1371, -PIF-, enténdese por intereses financeiros da UE a *«todos os ingresos, gastos e activos cubertos por, adquiridos a través de, ou debidos a: i) o orzamento da Unión, ii) os orzamentos das institucións, órganos e organismos da Unión creados de conformidade cos Tratados, ou outros orzamentos xestionados e controlados directa ou indirectamente por eles»*.

- Fraude:

De acordo co artigo 3.1 da Directiva (UE) 2017/1371, -PIF-, considérase fraude que afecta os intereses financeiros da Unión Europea, en materia de gastos relacionados cos contratos públicos, cando por acción ou omisión e de forma intencionada:

- a) Se utilicen ou presenten documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a malversación ou retención de fondos da Unión,
- b) o incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información que teña o mesmo efecto,
- c) o uso indebido deses fondos para usos distintos dos que motivaron a súa concesión.

En materia de gastos relacionados cos contratos públicos, ao menos cando se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, causando unha perda para os intereses financeiros da Unión, calquera acción ou omisión relativa a :

- a) O uso ou a presentación de declaracións ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos

ou activos do orzamento da Unión ou de orzamentos administrador pola Unión ou no seu nome;

b) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto;

c) O uso indebido deses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión.

Cómpre destacar que a concorrencia de intencionalidade é un elemento esencial na fraude, se ben non é preciso que se de para que exista irregularidade.

- **Corrupción:**

En termos da Directiva PIF, a corrupción asimílase ao delito de suborno previsto no Código Penal nos artigos 419 a 427 bis, sempre que prexudique ou poida prexudicar aos intereses financeiros da Unión. O citado delito comprendería:

1. O suborno ou corrupción pasiva polo que se sanciona á autoridade ou funcionario público que, en proveito propio ou de terceiro, solicita ou recibe, por si ou por persoa interposta, dádiva, favor ou retribución de calquera clase, ou aceptase ofrecemento ou promesa para a) realizar no exercicio do seu cargo un acto contrario aos deberes inherentes ao mesmo, b) non realizar ou atrasar inxustificadamente o que debера practicar, ou c) realizar un acto propio do seu cargo, ou ben simplemente en consideración ao seu cargo ou función.
2. O suborno ou corrupción activa polo que se sanciona aos particulares que ofrezan ou entreguen dádivas aos funcionarios públicos para realizar algún dos feitos que se describiron no apartado 1, ou ben atendan a solicitude de dádiva do funcionario.

Por outra banda, os conceptos de corrupción activa e pasiva contéñense no apartado 2 do artigo 4 da Directiva 2017/1371:

Entenderase por corrupción pasiva a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para el ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión.

- Conflito de interese:

De conformidade co artigo 61 Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro), enténdese que existe conflito de interese *«cando os axentes financeiros e demais persoas que participan na execución do orzamento tanto de forma directa, indirecta e compartida, así como na xestión, incluídos os actos preparatorios, a auditoría ou o control, vexan comprometido o exercicio imparcial e obxectivo das súas funcións por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

Cómpre destacar que:

Este concepto é aplicable a todas as partidas administrativas e operativas en todas as Institucións da UE e todos os métodos de xestión.

Cubre calquera tipo de interese persoal directo ou indirecto.

Ante calquera situación que se “perciba” como un conflito de interese, débese actuar.

As autoridades nacionais, de calquera nivel, deben evitar e/ou xestionar os posible conflitos de interese.

Os actores implicados no conflito de interese, potencialmente, son:

Os empregados públicos que realizan tarefas de xestión, control e pago relacionados coa execución do orzamento, e outros axentes nos que se delegou algunha destas funcións (Como é o caso da ARD Muros Noia).

Aqueles beneficiarios privados, socios, contratistas e subcontratistas, cuxas actuacións sexan financiadas con fondos, que poidan actuar en favor dos seus propios intereses, pero en contra dos intereses financeiros da UE, no marco dun conflito de intereses.

Modalidades de conflito de interese: Atendendo á situación que motivaría o conflito de intereses, poden distinguirse as seguintes modalidades:

Conflito de interese aparente: prodúcese cando os intereses privados dun empregado público ou beneficiario son susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo das súas funcións ou obrigas, pero finalmente non se atopa un vínculo

identificable e individual con aspectos concretos da conduta, o comportamento ou as relacións da persoa (ou unha repercusión nos devanditos aspectos).

Conflicto de interese potencial: xorde cando un empregado público, xestor ou beneficiario ten intereses privados de tal natureza, que poderían ser susceptibles de ocasionar un conflito de intereses no caso de que tiveran que asumir nun futuro determinadas responsabilidades oficiais.

Conflicto de intereses real: implica un conflito de intereses entre o deber público e os intereses privados dun empregado público ou no que o empregado público ten intereses persoais que poden influír de maneira indebida no desempeño dos seus deberes e responsabilidades oficiais. No caso dun beneficiario implicaría un conflito entre as obrigas contraídas ao solicitar a axuda dos fondos e os seus intereses privados que poden influír de xeito indebido no desempeño das citadas obrigas.

- Dobre financiamento:

Segundo o artigo 9 do Regulamento do MRR, prodúcese dobre financiamento cando as reformas e proxectos de investimento estean financiados polo Mecanismo e simultaneamente por outro instrumento da Unión, comprendendo todos os programas xa sexan de xestión compartida ou directa, sempre que cubran o mesmo gasto ou custo.

Exposto o anterior, de acordo co previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o presente Plan Antifraude da ARD Ría Muros-Noia, atende aos seguintes requirimentos:

- a) Estrutura as medidas antifraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo anfi-fraude: prevención, detección, corrección e persecución.
- b) Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.

- c) Define as medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situación concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.
- d) Prevé a existencia de medidas de detección axustadas ás sinais de alerta e define o procedemento para a súa aplicación efectiva.
- e) Define as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.
- f) Establece procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.
- g) Define as medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.
- h) Especificamente regula os procedementos relativos á prevención e corrección de situacións de conflito de intereses. Para evitar, con anticipación, a posible existencia de ditos conflitos, establécese como obrigatoria a sinatura dunha “Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses” (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.
- i) Aborda as implicacións do carácter singular da Asociación, como ente asociativo dos Concellos que a compoñen, e como entidade tractora dos fondos europeos.

4. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

A prevención é unha parte clave do sistema posto que evita que o conflito de intereses, o fraude ou a corrupción chegue a producirse. Tendo en conta a dificultade de probar o comportamento fraudulento e de reparar os danos causados polo mesmo, é preferible previr a actividade fraudulenta a ter que actuar cando esta xa se produciu.

O marco normativo español constitúe un potente sistema preventivo, que cubre por igual a actuación administrativa financiada por fondos orzamentarios nacionais como á financiada pola Unión. Sen embargo, aínda sendo un sistema preventivo completo, coa aprobación do presente Plan se adoptarán, especialmente no marco do compromiso desta Asociación coa protección dos intereses financeiros da Unión no marco da execución do PRTR, as medidas preventivas no presente documento, adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situacións concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.

a) **Avaliación de riscos.**

O primeiro paso para abordar o Plan Antifraude foi avaliar o risco, o impacto e a probabilidade do risco de fraude nos procesos clave da execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conforme ao artigo 6.5.c. da Orde de xestión do PRTR.

Con motivo da elaboración do Plan, empregouse como ferramenta de avaliación unha Matriz de riscos (**ANEXO II**), que comprende os catro riscos con respecto aos cales é preciso adoptar medidas de prevención e execución: fraude, corrupción, conflitos de interese e dobre financiamento. Para cubrila foi clave a colaboración de todos os implicados en procesos da Asociación en materia de axudas e contratación.

No presente caso e sen prexuízo da adaptación paulatina que o Comité antifraude deberá realizar á vista das debilidades que se poidan ir detectando ou dos cambios organizativos que se poidan presentar; detectáronse os seguintes riscos específicos.

Riscos da fraude específicos: **Convenios.**

O obxecto do convenio non corresponde a tal figura	Celebrar convenios para eludir o procedemento de contratación requirido ou eludindo os requisitos de validez deste instrumento xurídico; ou ben que impliquen a vulneración das disposicións do presente plan Antifraude.
Incumprimento do procedemento ou dos requisitos	Celebración dun convenio incumprindo o procedemento legalmente establecido para elo, ou incumprindo determinados trámites ou requirimentos legais.

legais do convenio	
Conflicto de interese	O exercicio imparcial e obxectivo das funcións do persoa que intervéñen na adopción ou a sinatura do convenio vese comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal
Limitación da concorrencia na selección de entidades	No caso de convenios con entidades colaboradoras para instrumentar unha subvención, a selección da entidade colaboradora de dereito privado ou público non garante a elección de provedores a través dun proceso de concorrencia competitiva.
Dobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento
Incumprimento das obrigas de información, comunicación e publicidade	Non se cumpre o estipulado na normativa nacional ou europea respecto ás obrigas de información e publicidade.
Perda de pista de auditoría	Non existe unha pista de auditoría axeitada que permita facer un seguimento completo das actuacións financiadas.

Riscos da fraude específicos: Contratación.

Limitación da concorrencia	Manipulación do procedemento de preparación e ou adxudicación, limitando o acceso á contratación pública en condicións de igualdade e non discriminación a todos os licitadores.
Prácticas colusorias nas ofertas	Distintas empresas acordan en segredo manipular o proceso de licitación para limitar ou eliminar a competencia entre elas, polo xeral coa finalidade de incrementar artificialmente os prezos ou reducir a calidade dos bens ou servizos.
Conflicto de intereses	O exercicio imparcial e obxectivo das funcións dalgún dos intervincentes nas distintas fases do contrato vese comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.
Manipulación na valoración técnica ou económica das	Manipulación do procedemento de contratación en favor dun licitante ou en detrimento de outro ou varios.

ofertas presentadas	
Fraccionamento fraudulento do contrato	Fraccionamento do contrato en dous ou máis procedementos con idéntico adxudicatario evitando a utilización dun procedemento que, en base á contía total, requirise maiores garantías de concorrência ou publicidade.
Incumprimentos na formalización do contrato	Irregularidades na formalización do contrato de maneira que non se axusta con exactitude ás condicións da licitación ou se alteran os termos da adxudicación.
Incumprimentos ou deficiencias na execución do contrato	O contratista incumpre as especificacións do contrato durante a súa execución
Falsidade documental	O licitador incorre en falsidade para lograr o acceso ao procedemento de licitación e ou se aprecia falsidade na documentación presentada para obter o abono do prezo.
Dobre financiamento	Incumprimento da prohibición de dobre financiamento
Incumprimento das obrigas de información, comunicación e publicidade	Non se cumpre o estipulado na normativa nacional ou europea respecto das obrigas de información e publicidade.
Perda de pista de auditoría	Non garantir a conservación de toda a documentación e rexistros contables par dispor dunha pista de auditoría.

Con posterioridade, a maiores da matriz de risco, procedeuse á implantación do sistema MINERVA, plataforma que utilizan os Concellos que forman parte da Asociación, xa que logo esta entidade non dispón de acceso á plataforma.

O sistema de xestión de riscos deberá abranguer os procedementos de prevención, detección e resposta aos riscos que afecten á totalidade dos fondos da Asociación, sexan ou non procedentes do PRTR. Na actualización continua da ferramenta procederase a incorporar os resultados das auditorías e doutros controis realizados, de

cara a incorporar novos riscos ou novos controis, coa finalidade de minimizar as posibilidades de que se produzan ou repitan.

Da avaliación de riscos derívanse dous tipos de controis:

- Controis preventivos ou *ex ante*, que están orientados a impedir que as situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento ocorran.
- Controis de detección ou *ex post* (alertas ou bandeiras vermellas) que están dirixidos a identificar situacións de fraude, corrupción conflitos de interese ou dobre financiamento o máis rápido posible, despois de que se produciron, coa finalidade de minimizar os danos.

O traballo realizado polo órgano interventor, incluíndo os cuestionarios utilizados, tanto polos propios Concellos integrantes, como pola Asociación; poranse a disposición do Comité antifraude da Asociación, para que se poida repetir e verificar tal análise con carácter anual ou mesmo con periodicidade inferior se as circunstancias o aconsellan.

Especialmente terase en consideración que, de acordo coa Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, a análise de riscos para os procedementos de contratación ou concesión de subvención cuxa convocatoria se publique a partir da entrada en vigor da orde -26 de xaneiro de 2023-; se levará a cabo a través da plataforma MINERVA, proporcionada pola Axencia Tributaria, onde deberán incorporar os datos que proceda para a realización desta análise. De tal análise encargarse o Concello que tramite a os correspondentes procedementos, debido á imposibilidade da Asociación de acceder a tal plataforma.

Así as cousas, os órganos xestores deben realizar unha avaliación inicial do risco de prexuízo aos intereses financeiros da Unión, da súa probabilidade de materialización e o seu eventual impacto.

A plantilla ou matriz para a avaliación de riscos de fraude tomará como base a proposta polo Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) na Guía para a aplicación de medidas antifraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (24 de febreiro de 2022), pero cunha adaptación a este

Ministerio, así como a inclusión de aquelas novas bandeiras vermellas que vaian detectándose. En todo caso, os órganos xestores poderán engadir indicadores de risco nas súas avaliacións específicas adaptados á realidade da súa xestión.

Tras a avaliación de risco de fraude inicial, realizaranse revisións do risco cunha periodicidade anual de acordo cos seguintes criterios:

- Se o risco neto total obtivo unha puntuación de nivel aceptable na avaliación inmediatamente anterior, realizarase unha reavaliación no prazo dun ano. Dita avaliación realizarase aos dous anos se o nivel de riscos identificados é moi baixo (se a puntuación obtida é inferior a 2 puntos) e durante o ano anterior non se informou de casos de fraude, corrupción, conflitos de interese ou dobre financiamento.
- Se o risco total obtivo unha puntuación de risco significativo ou grave, realizarase unha revisión da avaliación unha vez transcorrido o prazo límite establecido para a implementación dos controis e medidas adicionais. No caso de risco neto grave debe ser de forma inmediata, no prazo máis breve posible.

Ademais, deberase

b) Política antifraude.

No marco das medidas de prevención de fraude inclúese, en primeiro lugar, a articulación e manifestación dunha postura institucional firme de antifraude, é dicir, o compromiso da Asociación coa adopción de medidas de prevención, detención e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de interese e para evitar o dobre financiamento e ao compromiso de toda a organización a respectar o código ético e as normas establecidas para a xestión do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Tales compromisos quedan contidos na declaración institucional (**ANEXO III**), asinada polo máximo responsable da Asociación, que é a presidencia da mesma, cuxa efectividade queda garantida mediante a súa difusión a todos os membros da Asociación, así como mediante a publicación da mesma a través do portal de transparencia.

Así mesmo, no desenvolvemento da política antifraude é de suma importancia que exista unha supervisión efectiva dos altos cargos, polo que os empregados públicos deben coñecer que hai tolerancia cero cos casos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento, debendo denunciar a través da canle correspondente.

c) Código Ético.

O Código Ético compóñeno referencias á normativa estatal, autonómica e local, incluída lexislación específica propia, que resulte aplicable.

En particular, o Código Ético incluído neste Plan (**ANEXO IV**) contén principalmente o previsto no Capítulo VI “*Deberes dos empregados públicos. Código de Conduta*” (artigos 52 a 54) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na medida en que se pretende que resulten aplicables os devanditos deberes por asimilación aos empregados e membros da Asociación. Son os principais compromisos aos que se suxeitan:

- O desempeño das actividades asignadas en base ao ordenamento xurídico.
- A actuación de acordo cos principios éticos de obxectividade, neutralidade, honradez e respecto á igualdade.
- O compromiso co uso adecuado e eficiente dos recursos.
- O compromiso coa transparencia e uso responsable da información.
- A inhibición de participar en calquera asunto no que poida considerarse que concorren intereses persoais.

En relación cos altos cargos inclúese tamén o previsto no artigo 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que regula os principios do bo goberno e resulta aplicable ao Estado, as Comunidades Autónomas e Entidades Locais, así como, só en canto ao ámbito estatal, o indicado polos artigos 13 a 18 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto

cargo da Administración Xeral do Estado (limitacións patrimoniais en participacións societarias, limitacións ao exercicio de actividades privadas con posterioridade ao cesamento, a declaración de actividades, a declaración de bens e dereitos e o control e xestión de valores e activos financeiros).

d) Procedementos diferenciados para tratar os conflitos de intereses e o dobre financiamento.

Sen prexuízo da Matriz de riscos, de aplicación aos catro riscos (a fraude, a corrupción, os conflitos de interese e o dobre financiamento), existen determinados aspectos dos conflitos de intereses e o dobre financiamento que reciben un tratamento diferenciado, tanto na Orde de xestión do PRTR, como no Plan de Recuperación e no propio Regulamento do MRR.

En relación cos conflitos de interese, o artigo 61 do Regulamento Financeiro prevé que as autoridades nacionais:

1. Non adoptarán ningunha medida que poida carrexar un conflito entre os seus propios intereses e os da Unión.
2. Adoptarán as medidas oportunas para evitar un conflito de intereses nas funcións que estean baixo a súa responsabilidade e para facer fronte a situacións que poidan ser percibidas obxectivamente como conflitos de intereses.
3. Cando exista o risco dun conflito de intereses dunha autoridade nacional, a persoa en cuestión remitirá o asunto ao seu superior xerárquico e este último será o encargado de confirmar se existe un conflito de intereses.
4. Cando se considere que existe un conflito de intereses, a autoridade nacional pertinente velará porque a persoa de que se trate cese toda actividade nese asunto.
5. Velarán porque se adopte calquera medida adicional segundo a lexislación aplicable.

Achéganse (**Anexo V e VII**) as Declaracións de Ausencia de Conflitos de Intereses (DACI) para asinar tanto polos contratistas e subcontratistas, como por parte do Consistorios e demais membros da Asociación.

Polo tanto, toda persoa que deba intervir ou interveña nos procedementos de execución do PRTR deberá cumprimentar a DACI, que será custodiada polo Comité antifraude.

Para o caso de que se aprecie que existe un conflito de intereses seguirase un procedemento distintos dependendo de:

- Se nos atopamos ante unha declaración voluntaria de conflito de intereses: Cando sexa a persoa responsable a que, ben se absteña de formalizar a DACI, ben comunique a existencia dun conflito de intereses que concorre de xeito sobrevido; dará conta ao seu superior xerárquico ou ao órgano que o designou, declarando que incorre en causa de abstención do artigo 23.2a) da Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, quen a súa vez resolverá o procedente, previo ditame do Comité antifraude. Se o órgano ou superior xerárquico consideran que non existe causa de abstención, o Comité antifraude considerará o suposto como unha bandeira vermella.

- Se nos atopamos ante a detección dun conflito de intereses sen previa comunicación, o mesmo será considerado automaticamente como unha bandeira vermella.

A orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, recolle o procedemento e os modelos de declaración de ausencia de conflito de interese para a análise sistematizado no caso concreto de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, e para un conxunto concreto de empregados.

No resto dos casos, aplicaríase o sinalado na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, e a súa correspondente declaración de ausencia de conflito de interese. En concreto, os seguintes:

- Os intervinientes relacionados na Orde HFP/55/2023 que participen en procedementos cuxa convocatoria se publicou antes da súa entrada en vigor.

- Os titulares dos órganos responsables do procedemento administrativo (competencia orixinal ou delegada).
- O persoal que defina o contido dos documentos base da xestión do procedemento.
- Os expertos que avalíen solicitudes, ofertas ou propostas de forma non automatizada.
- En procedementos cuxa convocatoria se publicase antes da entrada en vigor da Orde 55, os membros de comités de avaliación de solicitudes, ofertas ou propostas ou outros órganos colexiados. Nestes casos, a declaración pode asinarse por todos os membros na primeira reunión e incorporarse á acta.
- Aqueles que participen na xestión do expediente, independentemente do tipo de negocio xurídico (excluíndo ao persoal que realice tarefas meramente administrativas).
- Os intervinientes nos procedementos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que polo seu posto de traballo asuman funcións de supervisión, coordinación ou control no PRTR.

Coa finalidade de dispor nun mesmo documento todo o relativo á xestión preventiva do conflito de interese recóllese a continuación o procedemento regulado na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, así como nos anexos do presente documento, os distintos modelos de declaración de compromiso e ausencia de interese recollidos nas dúas Ordes.

O procedemento de análise sistemático do conflito de interese aplicarase aos seguintes empregados-membros-socios da asociación:

- En contratos: ao órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación indicados, nas fases de valoración de ofertas, proposta de adjudicación do contrato.

- En concesión de subvencións: ao órgano competente para a concesión e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolucións de concesión.

A continuación, recóllese de forma resumida as fases do procedemento de análise sistemático preventivo do conflito de interese contempladas na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro (para un detalle máis exhaustivo consultar a Orde):

- Sinatura electrónica da DACI con base no modelo do Anexo do presente documento polas persoas mencionadas unha vez coñecidos os participantes.

- Os responsables de operación, con carácter previo á valoración das ofertas ou solicitudes en cada procedemento, iniciarán o procedemento de análise ex ante do risco de conflito de interese, facendo uso para elo da ferramenta informática de data mining, MINERVA, con sede na AEAT, incorporando os datos necesarios para realizar dito análise, de acordo ao requirido pola ferramenta. Neste caso, será o Concello executor dos fondos o que execute tal control.

- Adicionalmente, o responsable da operación, é dicir, o Concello executor dos fondos cargará en CoFEE as declaracións de ausencia de interese cumprimentadas e asinadas polos decisores da operación.

Tanto a matriz de riscos, como MINERVA poderán devolver tres tipos de resultados:

A.- Non se detectaron bandeiras vermellas: o procedemento segue o seu curso.

B.- Detectáronse unha ou varias bandeiras vermellas: O responsable de operación deberá por a bandeira vermella en coñecemento do decisor afectado e do seu superior xerárquico, a fin de que, no seu caso, se absteña.

O afectado poderá absterse nun prazo máximo de 2 días. Se así procedese, volverase a analizar o risco de conflito de interese co seu substituto.

Se o afectado alegase de forma motivada, ante o superior xerárquico, que non recoñece a validez da información, deberá ratificar a súa manifestación de ausencia de conflito de interese, mediante a sinatura, nese momento, dunha nova DACI, en cuxa redacción constará a situación plantexada e a ausencia de conflito de interese, de

acordo co modelo que se incorpora ao presente documento. Todo deberá levarse a cabo no prazo de dous días hábiles.

Esta información adicional trasladarase polo responsable da operación ao superior xerárquico do decisor.

De oficio ou a instancia do superior xerárquico correspondente, o responsable da operación poderá, asemade, acudir ao Comité antifraude correspondente para que emita informe, no prazo doutros dous días hábiles, sobre se, á luz da información dispoñible, procede ou non a abstención no caso concreto.

Pola súa parte, o Comité antifraude poderá solicitar informe coa opinión dun terceiro con experiencia na materia a efectos de emitir o seu informe.

O superior xerárquico do decisor afectado resolverá, de forma motivada: aceptar a participación no procedemento do decisor sinalado coa bandeira vermella; ou ben, ordenar ao decisor sinalado na bandeira vermella que se absteña. Nese último caso, o órgano responsable de operación repetirá o proceso co substituto.

C.- Detectáronse unha ou varias bandeiras negras: Non existe información sobre o risco de conflito de interese para o/s seguinte/s participante/s, por canto se trata dunha/s entidade/s sobre a/s cal/es non se dispón de datos. Neste caso seguirase o procedemento en curso e terase en conta o establecido no artigo 7 da Orde HFP 55/2023, de 24 de xaneiro. Para poder intervir nestes casos, habilítase a que nas Ordes reguladoras ou nos pregos se obrigue a estas empresas das que non se dispoñen de datos de titularidades reais a aportar a información pertinente no prazo de 5 días hábiles podendo excluílas do procedemento se non o verifican.

Finalmente, o responsable de operación deberá asegurar que os resultados da análise realizada quede rexistrado na aplicación CoFFEE, aos efectos das posibles auditorías a levar a cabo polas autoridades de auditoría do MRR competentes.

No resto dos supostos, recollidos previamente, para a prevención do conflito de interese, será de aplicación o disposto na Orde HFP/1030/2021 e, polo tanto, terán

que subscribir a DACI baseada no modelo do Anexo aqueles que participen nos procedementos de execución do PRTR, e non lles afecte a Orde HFP/55/2023.

No caso de suscitarse un posible conflito de interese nestes casos, procederáse da seguinte forma, tal e como se recolle na Orde de xestión do PRTR:

- Comunicación da situación que puidese supor a existencia dun conflito de interese ao superior xerárquico que confirmará por escrito se considera que existe tal conflito. Cando se considere que existe un conflito de intereses, a autoridade facultada para proceder aos nomeamentos ou á autoridade nacional pertinente velará por que a persoa de que se trate cese toda actividade nese asunto, podendo adoptar calquera outra medida adicional de conformidade co dereito aplicable.
- Aplicación estrita da normativa interna correspondente, especialmente e en particular do artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, relativo á recusación e a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.
- Por último, no caso dos beneficiarios, de acordo coa Orde de xestión do PRTR, será obrigatorio a cumprimentación dunha declaración de compromiso coa normativa asociada ao plan de recuperación, cuxo modelo se achega na devandita Orde, e que se recolle como anexo do presente plan.

Con referencia ao dobro financiamento, ademais de autodeclaracións do persoal da Asociación involucrado, en virtude das cales asumen o compromiso de que para o mesmo gasto non perciba financiamento público doutra fonte, tamén se establecen as seguintes prácticas:

- Unha descrición completa das responsabilidades para garantir a complementariedade e a coordinación da xestión de varias fontes de financiamento da Unión.
- Coordinación suficiente con outros órganos responsables.

- Separación sistémica dos fluxos de financiamento.
- Verificacións cruzadas.

Tal e como recollen as *Orientacións en relación coa prevención da dobre financiación no ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a clave para entender o concepto de dobre financiamento entre o MRR e outro programa ou fondo europeo está en que un mesmo instrumento xurídico (convenio, contrato, convocatoria ou subvención individual ou instrumento xurídico de que se trate) se certifique (ou se vaia a certificar) como gasto elixible nun fondo europeo e simultaneamente contribúa ao cumprimento dalgunha das medidas do PRTR ou de algúns dos seus fitos ou obxectivos. O estado membro estaría dobremente financiado, polo reembolso do gasto elixible e polo cobro derivado do cumprimento dos resultados asociados ao PRTR.

En todo caso, os informes de xestión da Orde de xestión do PRTR, que acompañan ás solicitudes de desembolso deben conter un pronunciamento expreso sobre a ausencia de dobre financiamento no seu respectivo ámbito.

e) Formación e sensibilización.

Outra parte moi relevante do Plan de medidas antifraude é a inclusión dun programa de formación e sensibilización dirixido a todos os niveis xerárquicos, tanto empregados como altos cargos da Asociación. Isto supón que todos os integrantes da Asociación tomen conciencia da necesidade de loitar contra a fraude, a corrupción, os conflitos de intereses e o dobre financiamento, e coñezan a política antifraude da mesma, de forma que poidan detectar situacións de risco e saiban como actuar ante elas.

A formación será un proceso formal, documentado e recorrente que pode cubrir o detalle da política antifraude, funcións e responsabilidades específicas ou mecanismos de información, e pódese impartir mediante cursos, charlas, seminarios, reunións ou grupos de traballo, e mesmo a través de vías menos formais como boletíns, carteis, sitios da internet ou a súa inclusión como un tema habitual nas reunións grupais.

5. MEDIDAS DE DETECCIÓN.

A detección é unha etapa fundamental na loita contra a fraude e a fase na que se espera que aquelas ferramentas e medidas implantadas produzan resultados. As irregularidades detectadas deben verificarse e, se conducen a feitos que dan lugar á presunción da existencia dunha posible actividade ilegal en contra dos intereses da UE, deberán de adoptarse tanto medidas de prevención para mitigar o dano, como medidas de investigación para canalizar a información cara ás autoridades xudiciais ou administrativas competentes para o axuízamento ou valoración da presunta infracción.

É importante que todas as medidas de detección sexan eficientes e proporcionais ao nivel e natureza dos riscos de fraude, corrupción, conflitos de interese e dobre financiamento.

A formación será un proceso formal, documentado e recorrente que pode cubrir o detalle da política antifraude, funcións e responsabilidades específicas ou mecanismos de información, e pódese impartir mediante cursos, charlas, seminarios, reunións ou grupos de traballo, e mesmo a través de vías menos formais como boletíns, carteis, sitios da internet ou a súa inclusión como un tema habitual nas reunións grupais.

a) **Indicadores da fraude.**

Un indicador de fraude ou bandeira vermella representa un aviso de que unha actividade está fóra da actividade normal e rutineira da entidade, actuando a modo de sinal de alarma de que algo supera o habitual e necesita ser examinado con detemento.

Hai que destacar que a existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude ou outras irregularidades, pero si indica a necesidade de atención extra nunha determinada área de actividade para confirmar ou descartar unha actividade potencialmente irregular.

Engádesse ao Plan a relación de bandeiras vermellas (**Anexo VI**) por cada un dos métodos de xestión (subvencións, contratos e convenios), xunto cos controis propostos para detectalos.

Neste sentido as DACI poderán ser contrastadas con outras fontes de información externas, como pode ser a obtida a través da consulta no Rexistro Mercantil Central, Base de Datos Nacional de subvencións, declaración de actividades dos cargos públicos representativos e outros posibles.

Neste sentido e en canto ao especial ámbito e configuración da Asociación, temos en conta as seguintes sinais de alarma:

- Imputación ou afectación indebida de custos indirectos.
- Incoherencias entre a documentación presentada para xustificar o destino dos fondos.
- Fraccionamentos de contrato inxustificandos.
- Perda da pista de auditoría.

b) **Canle de denuncias.**

De conformidade coa Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, procédese á implantación dunha canle de denuncias da Asociación, que contará cun dobre obxectivo; por unha banda facilitará á cidadanía a denuncia de posibles casos de fraude, conflito de intereses ou corrupción, e doutra banda porase ao dispor dos membros, traballadores ou cargos da Asociación para denunciar os feitos apuntados previamente.

O anterior realizarase a través dunha aplicación informática que garante a protección axeitada das persoas físicas que informen sobre accións ou omisións que poidan constituír infracción do dereito da UE, evitando as represalias de acordo coa Lei. Polo tanto, a aplicación informática cumpre cos criterios de confidencialidade da información e a protección de datos. Pódese acceder a través do seguinte enlace:

<https://terrasdecompostela.org/transparencia-pstd/>

Aquelas persoas que comuniquen ou revelan infraccións previstas no ámbito de aplicación da lei terán dereito á protección sempre que concorran as seguintes circunstancias: que teñan motivos razoables para pensar que a información referida é

veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información entra dentro do ámbito de aplicación da Lei 2/2023 de 20 de febreiro. Así como que a comunicación ou revelación se realizase conforme aos requirimentos previstos na Lei.

A Lei 2/2023, de 20 de febreiro prohibe expresamente os actos constitutivos de represalia, incluídas as ameazas de represalia, e as tentativas de represalia contra as persoas que presenten unha comunicación conforme ao previsto nela. A adopción de calquera represalia derivada da comunicación fronte aos informantes ou ás demais persoas incluídas no ámbito de protección establecido no artigo 3 da Lei 2/2023, de 20 de febreiro, está catalogado como infracción moi grave do artigo 63.

Por outra banda, recórdase que a Lei 2/2023, de 20 de febreiro especifica no seu artigo 63 que comunicar ou revelar publicamente información a sabendas da súa falsidade será constitutivo dunha infracción moi grave.

A tramitación das denuncias formuladas a través da canle contrátase a un despacho de avogados especializado na materia, dotándoo dunha maior imparcialidade e obxectividade.

Con independencia da existencia da canle de denuncias propia, ponse ao dispor de terceiros distintos da Asociación, para que poidan comunicarse co Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, para remitir información sobre feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, para que poidan ser investigados, sendo isto o que xustifica o carácter complementario desta canle e non substitutivo das funcións de control e verificación que debe realizar a Asociación.

A este respecto, poden utilizar a canle Infofraude que permite albergar as denuncias procedentes da execución do Mecanismo, debido a que foi designado como a canle externa oficial de denuncias relativas aos fondos procedentes da execución do PRTR, que deriva no exercicio polo SNCA de competencias de investigación administrativa no ámbito estatal, autonómico e local.

A continuación, inclúense as ligazóns nos que se ofrece información sobre a súa regulación e que permiten o acceso a un formulario de denuncia.

<https://planderecuperacion.gob.es/buzon-antifraude-canal-de-denuncias-del-mecanismo-para-la-recuperacion-y-resiliencia>

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>”

En canto á existencia de dobre financiamento, cómpre ter en consideración dous escenarios e as correspondentes medidas preventivas que se deberán adoptar:

a.- Dobre financiamento a nivel da asociación ou dos Concellos que forman parte da mesma como beneficiarios:

De acordo co artigo 9 do Regulamento do MRR, a *“axuda concedida no marco do mecanismo se sumará á proporcionada con arranxo a outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de inversión poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a devandita axuda non cubra o mesmo custe”*.

A adicionalidade e complementariedade son conceptos moi relacionados co risco de dobre financiamento que se pretende evitar, sendo o elemento clave a claridade sobre a existencia daquelas e a perfecta delimitación dos gastos que cada fondo financie. Esta adicionalidade e complementariedade para as inversións do Ministerio de Economía, Comercial e Empresa quedou delimitada no momento do cálculo de custes estimados de cada medida, nun momento anterior á aprobación do Plan de Recuperación. No apartado sinerxías con outros fondos do mencionado Plan recóllese se hai compatibilidade con outros fondos europeos.

Ademais, no marco do artigo 28 do Regulamento MRR os Estados membros deberán proporcionar información á Comisión Europea, de forma periódica, respecto do financiamento das medidas do PRTR para evitar que se produzan situacións de dobre financiamento procedentes do Mecanismo e doutros programas da Unión.

As medidas de control para este escenario son as seguintes:

Deberanse identificar as fontes de financiamento dos distintos proxectos, subproxectos ou liñas de acción de acordo co artigo 4.2.g) e o Anexo I da *Orde HFP 1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*, e deberán facer constar as fontes de financiamento identificadas nas memorias xustificativas de gasto de cada expediente.

Do mesmo xeito, en coordinación cos Concellos executores, reportarase á autoridade responsable do MRR se se produciron cambios respecto ao recollido no Plan de Recuperación en relación coas sinerxías con outros fondos das inversións que teñen asignadas.

No caso de que se detecte un cambio respecto ao reportado previamente, o órgano xestor terá que declarar dito apoio complementario por parte doutros fondos da UE e explicar que está cubrindo exactamente con outros fondos da UE. En todo caso, ese apoio non pode cubrir as medidas financiadas polo MRR e os seus custes estimados asociados.

No caso de que haxa financiamento de máis fondos o órgano xestor deberá recabar documentación de que o financiamento procedemento doutros instrumentos non se empregou en cubrir os mesmos custes financiados con fondos MRR.

Garantírase que as actuacións financiadas con fondos MRR e as financiadas con outros instrumentos quedaron reflexadas no correspondente sistema operativo de xestión.

b.- Dobre financiamento a nivel de receptor final ou destinatario último.

Este risco acontece cando para unha mesma actuación, uns mesmos gastos subxacentes se vencellen polos beneficiarios para xustificar actuacións de convenios, convocatorias, ou subvencións individuais distintas. Neste caso o dobre financiamento se produciría a nivel de beneficiario de axuda nacional ou destinatario final.

Este risco non só afecta ao dobre financiamento con fontes europeas, senón tamén á posible concorrencia con axudas financiadas co orzamento nacional (non cofinanciadas).

Neste sentido, os órganos xestores adoptarán as seguintes medidas preventivas para evitar o dobre financiamento:

- Os instrumentos xurídicos que canalicen as inversións deberán incluír unha cláusula de que o beneficiario disporá de contabilidade separada. Ademais, no caso de subvencións o beneficiario deberá informar xunto coa súa solicitude acerca de se recibiu outro financiamento público para ese mesmo proxecto e comprometerse a informar de calquera cambio ao respecto no caso de resultar beneficiario.
- Consulta sistemática á Base de Datos Nacional de Subvencións cos parámetros de procura que esta dispoña ao efecto en dous momentos concretos: o momento anterior a que se acorde a concesión e o momento inmediatamente anterior a recoñecerse a obriga e proporse o pago.
- De detectar que algún beneficiario obtivese unha axuda que se considere similar á que o órgano xestor está tramitando, baixo o principio de proporcionalidade, éste deberá indagar sobre os proxectos presentados pedindo información detalladas ao beneficiario no seu caso.

6. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.

En canto á existencia da fraude, non lle corresponde determinala á propia Asociación, senón aos órganos xurisdicionais. Con todo, no ámbito estrito das súas funcións, a Asociación debe realizar, sobre a base da documentación de que dispoña, unha valoración preliminar sobre a posible existencia de tal intencionalidade ou, no seu caso, sobre a ausencia da mesma, para decidir se unha determinada conduta debe ser remitida aos devanditos órganos xurisdicionais ou ao Ministerio Fiscal para que sexa investigada e, no seu caso, sancionada penalmente. Por tanto, dende a perspectiva das súas competencias administrativas, establécese un procedemento para corrixir e

perseguir condutas fraudulentas. Este procedemento comprende as seguintes actuacións:

- a) A suspensión de procedementos e, no seu caso, a suspensión ou interrupción dos pagos aos terceiros que se relacionan coa Asociación como consecuencia de operacións orzamentarias ou non orzamentarias, e a cuxo favor xurdan as obrigacións ou se expidan os pagos derivados das mesmas.
- b) A recuperación dos fondos indebidamente abonados.
- c) O traslado dos feitos, no seu caso, ás autoridades competentes para a esixencia de responsabilidades administrativas, patrimoniais e penais dos empregados públicos ou altos cargos que participasen na execución do Mecanismo, ou as responsabilidades administrativas e penais dos terceiros.

Así mesmo, a Fiscalía Europea, regulada no Regulamento (UE) 2017/1939 do Consello, do 12 de outubro de 2017, polo que se establece unha cooperación reforzada para a creación da Fiscalía Europea, entrou en funcionamento efectivo con data de 1 de xuño de 2021, de conformidade con Decisión de execución (UE) 2021/856 da Comisión, do 25 de maio de 2021, pola que se determina a data na que a Fiscalía Europea asume as súas funcións de investigación e exercicio da acción penal.

Polo anterior, cando a Asociación participe na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e no exercicio das súas funcións, e teña coñecemento dun feito presuntamente delituoso cuxa competencia poida corresponder á Fiscalía Europea, despois de realizar as verificacións oportunas, deberá comunicalo á citada institución europea mediante a utilización do modelo correspondente ou de calquera outra forma que se arbitre pola Fiscalía Europea.

Para o caso do dobre financiamento, de detectarse, deberá procederse á recuperación dos importes correspondentes; de acordo co Anexo de Orientacións da Secretaría Xeral de Fondos Europeos:

- Cando unha medida se atope incluída nun acordo de axuda asinado no marco doutro instrumento da Unión, antes da data de adopción do CID mentres a devandita medida tamén fose financiada polo MRR, os fondos MRR deben recuperarse, xa que isto debería terse declarado durante o deseño e a avaliación do PRR. As medidas que fosen adoptadas por outros fondos da Unión nunca deberían terse incluído no MRR.

- Cando o dobre financiamento se deba ao financiamento dun acordo de subvención no marcos doutros fondos da Unión, asinado despois da adopción do CID no que se incluíu esta medida por primeira vez, o importe desembolsado por outros fondos da UE que cubran os mesmos custes que o MRR debe ser recuperado dos Estados membros en virtude do Regulamento doutro fondo da Unión (se os gastos afectados xa foron incluídos polo estado membro nunha solicitude de pago presentada á Comisión).

7. COMITÉ ANTIFRAUDE

Por decisión da Xunta Directiva renovaranse os cargos do Comité Antifraude existente, que é o órgano colexiado responsable do deseño da estratexia antifraude da Asociación no contexto do Plan de Recuperación.

As súas competencias serán tanto o seguimento das medidas contidas no Plan co obxecto de asegurar a súa correcta aplicación, como a avaliación dos riscos de fraude para cada convocatoria de fondos recibida.

O Comité Antifraude desenrolará funcións de actualización e desenvolvemento do Plan, incluíndo as modificacións ou medidas específicas que considere, podendo solicitar asesoramento externo en caso necesario.

O Comité estará integrado por tres ou cinco persoas elixidas e nomeadas pola Xunta Directiva por maioría cualificada de dous terzos e nomeados pola Presidencia. O mandato terá unha duración de catro anos, podendo ser renovado por igual período previa ratificación da Xunta Directiva. A súa composición será a seguinte:

a.- Presidente: a persoa titular da presidencia do comité.

b.- Vicepresidente: eventualmente, a persoa que asumirá as funcións da presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

c.- Secretaría.

d.- Vogais, no seu caso.

As funcións dos membros do Comité Ético e do Comité Antifraude non son incompatibles entre si, podendo una mesma persoa pertencer a ambos os comités.

O Comité antifraude actuará con autonomía e independencia, non aceptando ningunha instrución ao respecto. Os seus informes e acordos serán elevados á Asemblea da Asociación e, no seu caso, remitidos ao Comité Nacional anti-fraude, ao Ministerio fiscal, Consello de Contas e Tribunal de Contas.

Dende o punto de vista procedimental, o Comité seguirá as regras de funcionamento previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, para a actuación dos órganos colexiados e as súas funcións serán:

- Propoñer á Presidencia da Asociación a aprobación das revisións do Plan de Medidas Antifraude e impulsar cantas actuacións considere oportunas para mellorar e implantar o presente plan e as súas revisións.
- Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar os posíbeis fraudes.
- Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir ou perseguir os intentos de fraude. Implantar un sistema de mostraxe suficiente en relación cos ámbitos de xestión, priorizando os riscos asociados as súas actuacións. E, para o caso de detectar debilidades, modificación dos criterios de mostraxe, ampliando, no seu caso, as mostraxes para verificar o grao de cumprimento das medidas do Plan.
- Concienciar e formar ao resto do persoal da Asociación en materia da correcta aplicación dos fondos públicos e loita contra o fraude na súa xestión.

- Incoar actuacións previas ante calquera indicio de fraude, requirindo tanta información se entenda necesaria ás unidades ou corporacións xestoras, contratistas ou persoas beneficiarias de subvencións.
- Resolver as actuacións previas incoadas, acordando o seu arquivo ou a remisión do acordo ao órgano competente para a esixencia de responsabilidades administrativas, contábeis ou penais.
- Informar periodicamente á Presidencia e Asemblea da Asociación das conclusións derivadas das actuacións practicadas e das medidas preventivas ou correctoras aplicadas.
- Asesorar aos socios en materia de prevención, detección e corrección de irregularidades na xestión de fondos públicos.

Cando do resultado das actuacións previas realizadas por este órgano, proceda a incoación dun expediente de reintegro ou, no seu caso, de carácter sancionador, por incumprimentos da normativa en materia de subvencións, a súa instrución será realizada polo negociado de control financeiro e auditoría da corporación á que lle corresponda.

No caso de detectar irregularidades o Comité Antifraude procederá a:

- Comunicar os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria ou entidade executora, así como a autoridade responsable, á que poderá solicitar información adicional que considere oportuna de cara ao seguimento e comunicación á autoridade de control.
- Denunciar os feitos puníbeis ás Autoridades públicas competentes: Servicio Nacional de Coordinación anti-fraude (SNCA) e para valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF).
- Iniciar información reservada para depurar responsabilidades e incoar, no seu caso, polo órgano competente, expediente disciplinario.
- Denunciar os feitos perante a Fiscalía ou perante os tribunais competentes, nos casos en que así proceda.

- Instar, a través de resolución a ditar polo órgano competente, o reintegro dos fondos gastados fraudulentamente.

8. SEGUIMIENTO E CONTROL PERIÓDICO DO PLAN.

Por último, para completar o Plan Antifraude, a Asociación debe realizar, en atención ao establecido no artigo 6.5.c) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, un seguimento e avaliación anual ou bianual do plan de medidas antifraude atendendo ao risco de fraude, co obxectivo de mantelo actualizado e acorde coa normativa nacional e europea, garantindo o seu cumprimento e identificando aspectos de posible mellora; realizándoo en todo caso cando se detectase algún caso de fraude ou existan cambios significativos nos procedementos ou no persoal.

No caso de que se detecte algún risco, realizarase un seguimento das medidas incluídas no plan. Do mesmo xeito que, no caso de que se materialice un acto constitutivo de fraude ou corrupción, a organización debe analizar os feitos ocorridos e determinar as modificacións necesarias implantar nas estruturas e procesos de control.

Tanto no caso de cambios na normativa aplicable, como na detección de supostos de incumprimento, fraude ou corrupción; será preciso actualizar o plan e adaptalo á realidade a través de melloras que garantan a transparencia e minimicen os riscos de fraude. Para iso, no caso de que se apliquen modificacións ao Plan, estas deberán ser recollidas nunha nova versión do documento que será publicada na web institucional.

9. CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DOS PRTR COAS CORPORACIÓNS QUE FORMAN PARTE DA ASOCIACIÓN.

No eido específico da actuación da Asociación, prevese que o Convenio que a Asociación deberá subscribir coas corporacións municipais que a integran co obxectivo

de xestionar os fondos, deberá incluír as seguintes previsións que requiren a observancia das disposicións do presente Plan Antifraude:

- a) Obxecto e finalidade, definindo o obxecto e finalidade do convenio e dos fondos respecto dos que se encomenda a xestión.
- b) Requisitos específicos dos conceptos subvencionables e actuacións previstas.
- c) Plan financeiro, achegas e orzamentos.
- d) Fluxos financeiros e condicións de abono.
- e) Obrigas das partes, con observancia dos seguintes elementos:

- Contabilidade separada: As entidades participantes deberán manter un sistema de contabilidade separada axeitada a todas as transaccións relacionadas con cada operación.
- Xustificación do gasto: de acordo coa normativa aplicable só poderán ser xustificadas os gastos efectivamente realizados e abonados, respectando as normas sobre gastos aplicables ao Proxecto e as aprobadas.

Custodia, Auditoría e control: A documentación relativa á verificación do gasto deberá conservarse a disposición dos organismos de auditoría e control durante o prazo establecido na normativa aplicable.

- Medidas antifraude: ambas partes aceptarán a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, cumprindo a normativa en materia de contratación pública, evitando o dobre financiamento, falsificación de documentos, etc. Asemade, obríganse a proporcionar información para a detección de posibles “bandeiras vermellas” (entre outras, conflito de intereses, licitacións colusorias, manipulación de ofertas, contratación amañada ou fraccionamento do gasto). O anterior tendo en conta, especialmente, os riscos detectados.

Cada parte cumprirá as súas obrigas e asumirá a responsabilidade que puidese derivar da súa actuación, debendo informar á Asociación (e esta aos restantes membros) dos casos e sospeita de fraude detectadas, á maior brevidade posible, e das medidas que se apliquen para a súa corrección e persecución.

Igualmente todas as partes declararán ser coñecedoras da posibilidade de comunicar ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) aqueles feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade.

- Suxeitarse ao réxime de protección de datos de carácter persoal, cunha correcta implantación e dispoñendo, no seu caso, do Delegado de Protección de Datos.
- Coñecer e respectar as obrigas contraídas pola Asociación no marco do Proxecto.
- Informar, no seu caso, da percepción de outras subvencións, fondos, axudas, ingresos ou recursos en relación co Proxecto.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación co Proxecto, efectúe a Asociación -ou calquera outro organismo ou autoridade competente- para verificar a súa realización.
- Ser coñecedora do réxime de publicidade que esixe a financiación europea.
- Cumprir a normativa comunitaria e nacional en materia de fondos europeos e especialmente no relativo aos PRTR.
- Establecer un sistema de intercambio (electrónico) de datos; de maneira que todas as partes recopilen os datos necesarios sobre a execución dos fondos para a xestión financeira, o seguimento, as verificacións, as auditorías e a avaliación, introducindo os datos e documentos dos que sexan responsables, así como as correspondentes actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos.i.

10. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA.

- A) Test de conflito de intereses, prevención da fraude e corrupción.
- B) Ferramentas de autoavaliación de riscos e efectividade dos controis durante a contratación pública.
- C) Declaración institucional.
- D) Declaración de ausencia de conflito de interese.
- E) Código de conduta e principios éticos.
- F) Bandeiras vermellas contra a fraude.

11. ANEXOS.

ANEXO I. Test de conflito de intereses, prevención da fraude e a corrupción.

ANEXO II. Matriz de riscos.

ANEXO III. Política Antifraude: Declaración institucional contra a fraude.

ANEXO IV. Declaración de ausencia de conflito de intereses.

- I. *Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)*
- II. *Declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*
- III. *Declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)*

ANEXO V. Código de conduta.

ANEXO VI. Bandeiras vermellas e controis.

ANEXO VII. Declaración de ausencia de conflito de intereses interna.